

Número PM/REF	Outras especificacións
47210 □	Ácido dibutiltiostannoico polímero. Unidade molecular = $(C_8H_{18}S_3Sn_2)_n$ ($n=1,5-2$).
76721	Polidimetilsiloxano ($pm > 6.800$). Viscosidade mínima: $100 \times 10^{-6} m^2/s$ (=100 centistokes) a 25 °C.
83595 □	Producto de reacción de di-terc-butilfosfonito con bifenilo, obtido mediante condensación de 2,4-di-terc-butilfenol co produto dunha reacción Friedel Craft de tricloruro de fósforo e bifenilo. Composición: 4,4'-Bifenileno-bis[0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito]. (Número CAS 38613-77-3) [36-46% p/p ⁽¹⁾]. 4,3'-Bifenileno-bis[0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito]. (Número CAS 118421-00-4) (17-23% p/p) ⁽¹⁾ . 3,3'-Bifenileno-bis[0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito]. (Número CAS 118421-01-5) (1-5% p/p) ⁽¹⁾ . 4-Bifenileno-0,0-bis[0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito]. (Número CAS 91362-37-7) (11-19% p/p) ⁽¹⁾ . Tris(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfito. (Número CAS 31570-04-4) (9-18% p/p) ⁽¹⁾ . 4,4-Bifenileno-0,0-bis[2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonato-0,0-bis(2,4-di-terc-butilfenilo)fosfonito. (Número CAS 112949-97-0) (< 5% p/p) ⁽¹⁾ . Outras especificacións: Contido de fósforo: mín. 5,4%, como máximo 5,9%. Índice de acidez: como máximo 10 mg KOH/g. Intervalo de fusión: 85-110 °C.
88640	Aceite de soia epoxidado. Oxirano < 8% , número de iodo < 6.
95859	Ceras refinadas derivadas de materias primas a base de petróleo ou de hidrocarburos sintéticos. O produto debe te-las especificacións seguintes: Cantidade de hidrocarburos minerais cun número de carbonos inferior a 25: non máis de 5% (p/p). Viscosidade non inferior a $11 \times 10^{-6} m^2/s$ (=11 centistokes) a 100 °C. Peso molecular medio non inferior a 500.
95883	Aceites minerais brancos parafínicos derivados de hidrocarburos a base de petróleo. O produto debe te-las especificacións seguintes: Cantidade de hidrocarburos minerais cun número de carbonos inferior a 25: non máis de 5% (p/p). Viscosidade non inferior a $8,5 \times 10^{-6} m^2/s$ (= 8,5 centistokes) a 100 °C. Peso molecular medio non inferior a 480.

(1) Cantidade de substancia empregada/cantidade de formulación.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

2793 *ORDE APA/227/2003, do 4 de febreiro, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 37, do 12-2-2003.)*

O Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ó ordenamento xurídico interno a Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas

de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, codificada pola Directiva 2000/29/CE, do Consello, do 8 de maio, con idéntico título que a anterior.

Esta directiva sufriu diversas modificacións que foron incorporadas ó noso ordenamento xurídico mediante as correspondentes ordes ministeriais, a última das cales foi a Orde APA/776/2002, do 8 de abril, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, de conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do citado real decreto.

Neste sentido, mediante esta orde incorpórase ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2002/36/CE, da Comisión, do 29 de abril, pola que se modifican determinados anexos da Directiva 2000/29/CE, do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

No procedemento de elaboración desta orde, foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos I, II, IV e V do Real decreto 2071/1993.*

Os anexos I, II, IV e V do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos

nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de abril de 2003.

Madrid, 4 de febreiro de 2003.

ARIAS CAÑETE

ANEXO

1. Na letra a) da sección I da parte A do anexo I, engadirase un novo punto despois do punto 4:
«4.1 *Anoplophora glabripennis* (Motschulsky).»
2. Na letra a) da sección I da parte A do anexo I, engadirase un novo punto despois do punto 16:
«16.1 *Naupactus leucoloma* Boheman.»
3. Suprimíranse os puntos 4, 5 e 6 da letra a) da sección II da parte A do anexo I.
4. Na letra a) da parte B do anexo I, engadirase un novo punto despois do punto 3:
«4. *Liriomyza bryoniae* (Kaltenbach) IRL e UK (Irlanda do Norte).»
5. Na letra c) da sección I da parte A do anexo II, engádesse o punto seguinte despois do punto 1:
«1.1 *Anisogramma anomala* (Peck) E. Müller Vexetais de *Corylus L.*, destinados á plantación, agás as sementes, orixinarios de Canadá e os Estados Unidos de América.»
6. Na letra a) da sección II da parte A do anexo II, engadíranse os puntos seguintes despois do punto 7:
«8. *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) Flores cortadas, hortalizas de folia de *Apium graveolens L.* e vexetais de especies herbáceas, destinados á plantación, agás:
os bulbos
os cormos
os vexetais da familia Gramineae,
os rizomas
as sementes
9. *Liriomyza trifolii* (Burgess) Flores cortadas, hortalizas de folia de *Apium graveolens L.* e vexetais de especies herbáceas, destinados á plantación, agás:
os bulbos
os cormos
os vexetais da familia Gramineae
os rizomas
as sementes.»
7. Na sección I da parte A do anexo IV, engadirase un novo punto despois do punto 11.2:
«11.3 Vexetais de *Corylus L.*, destinados á plantación, agás as sementes, orixinarios de Canadá e os Estados Unidos de América. Declaración oficial de que os vexetais foron cultivados en viveiros e:
a) son orixinarios dunha zona declarada exenta de *Anisogramma anomala* (Peck) E. Müller polo servicio fitosanitario nacional do país de exportación conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes e mencionada nos certificados considerados no artigo 10 do Real decreto 2071/1993, baixo o epígrafe "Declaración adicional", ou
b) son orixinarios dun lugar de produción declarado exento de *Anisogramma anomala* (Peck) E. Müller polo servicio fitosanitario nacional do país de exportación como resultado das inspeccións oficiais levadas a cabo no lugar de produción ou nas súas inmediateces desde o comezo dos tres últimos ciclos vexetativos, conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, mencionado nos certificados establecidos no artigo 10 do Real decreto 2071/1993, baixo o epígrafe "Declaración adicional" e declarado exento de *Anisogramma anomala* (Peck) E. Müller.»

a

8. Os puntos 32.1, 32.2 e 32.3 da sección I da parte A do anexo IV substitúense polos seguintes:

«32.1 Vexetais de especies herbáceas, destinados á plantación, agás:

- os bulbos
- os cormos
- os vexetais da familia Gramineae
- os rizomas
- os tubérculos

orixinarios de países terceiros nos que se teña constancia da presenza de *Liriomyza sativae* (Blanchard) e *Amauromyza maculosa* (Malloch).

Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais recollidos nos puntos 27.1, 27.2, 28 e 29 da sección I da parte A do anexo IV, cando proceda, declaración oficial de que os vexetais foron cultivados en viveiros e:

a) son orixinarios dunha zona declarada exenta de *Liriomyza sativae* (Blanchard) e *Amauromyza maculosa* (Malloch) polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, e mencionada nos certificados considerados no artigo 10 do Real decreto 2071/1993 baixo o epígrafe “Declaración adicional”, ou

b) son orixinarios dun lugar de produción declarado exento de *Liriomyza sativae* (Blanchard) e *Amauromyza maculosa* (Malloch) polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación conforme as normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, mencionado nos certificados establecidos no artigo 10 do real decreto antes citado baixo o epígrafe “Declaración adicional” e declarada exento de *Liriomyza sativae* (Blanchard) e *Amauromyza maculosa* (Malloch) como resultado das inspeccións oficiais levadas a cabo polo menos unha vez ó mes durante os tres meses anteriores á exportación, ou

c) inmediatamente antes da súa exportación, foron sometidos a un tratamento adecuado contra *Liriomyza sativae* (Blanchard) e *Amauromyza maculosa* (Malloch) e foron oficialmente inspeccionados e declarados exentos de *Liriomyza sativae* (Blanchard) e *Amauromyza maculosa* (Malloch); os pormenores do tratamento deberán indicarse nos certificados considerados no artigo 10 do real decreto antes mencionado baixo o epígrafe “Desinfectación ou desinfección”.

32.2 Flores cortadas de *Dendranthema* (DC) Des. Moul., *Dianthus* L., *Gypsophila* L. e *Solidago* L., e hortalizas de folia de *Apium graveolens* L. e *Ocimum* L.

Declaración oficial de que as flores cortadas e as hortalizas de folia:

son orixinarias dun país exento de *Liriomyza sativae* (Blanchard) e *Amauromyza maculosa* (Malloch), ou inmediatamente antes da súa exportación, foron sometidas a unha inspección oficial e declarada exentos de *Liriomyza sativae* (Blanchard) e *Amauromyza maculosa* (Malloch).

32.3 Vexetais de especies herbáceas, destinados á plantación, agás:

- os bulbos
- os cormos
- os vexetais da familia Gramineae
- os rizomas
- as sementes
- os tubérculos orixinarios de países terceiros

Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais recollidos nos puntos 27.1, 27.2, 28, 29 e 32.1 da sección I da parte A do anexo IV, declaración oficial de que os vexetais:

a) son orixinarios dunha zona que se sabe está exenta de *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) e *Liriomyza trifolii* (Burgess), ou

b) ben non se observaron signos de *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) nin *Liriomyza trifolii* (Burgess) no lugar de produción con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo polo menos unha vez ó mes durante os tres meses anteriores á colleita, ou

c) ben os vexetais foron inspeccionados oficialmente inmediatamente antes da súa exportación, declarados exentos de *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) e *Liriomyza trifolii* (Burgess) e sometidos a un tratamento adecuado contra *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) e *Liriomyza trifolii* (Burgess).»

9. O texto da columna da esquerda do punto 34 da sección I da parte A do anexo IV substituirase polo seguinte:

«Terra e medio de cultivo unido ou asociado ós vexetais, composto total ou parcialmente por terra ou substancias orgánicas sólidas como partes de vexetais e humus, incluída a turba ou a cortiza, ou composto parcialmente por calquera substancia inorgánica destinada a mante-la vitalidade dos vexetais, orixinarios de:

Chipre, Malta, Turquía,
Belorusia, Estonia, Xeorxia, Letonia, Lituania, Moldavia, Rusia ou Ucraína,
Países non europeos agás Alxeria, Exipto, Israel, Libia, Marrocos e Tunicia.»

10. O texto dos puntos 36.1 e 36.2 da sección I da parte A do anexo IV substituirase polo seguinte:

«36.1 Vexetais destinados á plantación agás:

- os bulbos
- os cormos
- os rizomas
- as sementes
- os tubérculos orixinarios de países terceiros.

Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais recollidos nos puntos 27.1, 27.2, 28, 29, 31, 32.1 e 32.3 da sección I da parte A do anexo IV, declaración oficial de que os vexetais foron cultivados en viveiros e:

a) son orixinarios dunha zona declarada exenta de Thrips palmi Karny polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación de acordo coas normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes e mencionada nos certificados establecidos no artigo 10 do real decreto antes mencionado baixo o epígrafe "Declaración adicional", ou

b) son orixinarios dun lugar de produción declarado exento de Thrips palmi Karny polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación de acordo coas normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias pertinentes, mencionado nos certificados considerados no artigo 10 do Real decreto 2071/1993 baixo o epígrafe "Declaración adicional" e declarado exento de Thrips palmi Karny como resultado das inspeccións oficiais levadas a cabo polo menos unha vez ó mes durante os tres meses anteriores á exportación, ou

c) inmediatamente antes da súa exportación, foron sometidos a un tratamento adecuado contra Thrips palmi Karny e foron oficialmente inspeccionados e declarados exentos de Thrips palmi Karny; os pormenores do tratamento deberán indicarse nos certificados establecidos no artigo 10 do real decreto.

36.2 Flores cortadas de Orchidaceae e froitos de Momordica L. e Solanum melongena L., orixinarios de países terceiros:

Declaración oficial de que as flores cortadas e os froitos:

proceden dun país exento de Thrips palmi Karny, ou inmediatamente antes da súa exportación, foron sometidos a unha inspección oficial e declarados exentos de Thrips palmi Karny.»

11. O texto da columna da dereita do punto 40 da sección I da parte A do anexo IV substituirase polo seguinte:

«Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais indicados nos puntos 2, 3, 9, 15, 16, 17 e 18 da parte A do anexo III, o punto 1 da parte B do anexo III e os puntos 11.1, 11.2, 11.3, 12, 13.1, 13.2, 14, 15, 17, 18, 19.1, 19.2, 20, 22.1, 22.2, 23.1, 23.2, 24, 33, 36.1, 38.1, 38.2, 39 e 45.1 da sección I da parte A do anexo IV, segundo corresponda, declaración oficial de que os vexetais se achan en repouso vexetativo e están exentos de follas.»

12. O texto do punto 45 da sección I da parte A do anexo IV substituirase polo seguinte:

«45.1 Vexetais de especies herbáceas e vexetais de Ficus L. e Hibiscus L., destinados á plantación, agás os bulbos, os cormos, os rizomas, as sementes e os tubérculos, orixinarios de países non europeos

Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais recollidos nos puntos 27.1, 27.2, 28, 29, 32.1, 32.3 e 36.1 da sección I da parte A do anexo IV, declaración oficial de que os vexetais:

a) son orixinarios dunha zona declarada exenta de Bemisia tabaci Genn. (poboacións non europeas) polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación de acordo coas normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias correspondentes, e mencionada nos certificados considerados no artigo 10 do real decreto antes citado baixo o epígrafe "Declaración adicional", ou

b) son orixinarios dun lugar de produción declarado exento de Bemisia tabaci Genn. (poboacións non europeas) polo servizo fitosanitario nacional do país de exportación de acordo coas normas internacionais relativas ás medidas fitosanitarias correspondentes, mencionado nos certificados establecidos no artigo 10 do real decreto antes mencionado baixo o epígrafe "Declaración adicional" e declarado exento de Bemisia tabaci Genn. (poboacións non europeas) como resultado das inspeccións oficiais levadas a cabo polo menos unha vez cada tres semanas durante as nove semanas anteriores á exportación, ou

a

c) nos casos nos que se detectara a presenza de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións non europeas) no lugar de produción, son mantidos ou producidos nese lugar e foron sometidos a un tratamento adecuado para garantir a inexistencia de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións non europeas) e, posteriormente, o lugar de produción foi declarado exento de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións non europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación dese organismo, tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo semanalmente durante as nove semanas anteriores á exportación como nos procedementos de control aplicados durante o devandito período; os pormenores do tratamento deberán indicarse nos certificados establecidos no artigo 10 do real decreto.

45.2 Flores cortadas de *Aster* spp., *Eryngium* L., *Gypsophila* L., *Hypericum* L., *Lisianthus* L., *Rosa* L., *Solidago* L., *Trachelium* L. e hortalizas de folia de *Ocimum* L., orixinarias de países non europeos

Declaración oficial de que as flores cortadas e as hortalizas de folia:

proceden dun país exento de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións non europeas) ou inmediatamente antes da súa exportación, foron sometidas a unha inspección oficial e declaradas libres de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións non europeas).»

13. O punto 45.1 da sección I da parte A do anexo IV renumerarase como punto 45.3.
14. Na columna da dereita do punto 46 da sección I da parte A do anexo IV, engadirase a referencia ós puntos 45.2 e 45.3 da sección I da parte A do anexo IV.

15. Na columna da esquerda dos puntos 53 e 54 da sección I da parte A do anexo IV, inserirase a palabra «Sudáfrica» despois de «Paquistán».

16. O texto do punto 23 da sección II da parte A do anexo IV substituirase polo seguinte:

«23. Vexetais de especies herbáceas destinados á plantación, agás:

- os bulbos
- os cormos
- vexetais da familia Gramineae
- os rizomas
- as sementes
- os tubérculos

Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais recollidos nos puntos 20, 21.1 ou 21.2 da sección II da parte A do anexo IV, declaración oficial de que os vexetais:

a) son orixinarios dunha zona que se sabe está exenta de *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) e *Liriomyza trifolii* (Burgess), ou

b) ben non se observaron signos de *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) nin *Liriomyza trifolii* (Burgess) no lugar de produción con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo polo menos unha vez ó mes durante os tres meses anteriores á colleita, ou

c) ben os vexetais foron oficialmente inspeccionados inmediatamente antes da súa comercialización, declarados exentos de *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) e *Liriomyza trifolii* (Burgess) e sometidos a un tratamento adecuado contra *Liriomyza huidobrensis* (Blanchard) e *Liriomyza trifolii* (Burgess).»

17. O texto do punto 20.2 da parte B do anexo IV substituirase polo seguinte:

«20.2 Tubérculos de *Solanum tuberosum* L., agás os mencionados no punto 20.1 da parte B do anexo IV

a) O envío ou lote non conterà máis dun 1 por 100 en peso de terra, ou

b) os tubérculos destínanse á súa transformación en locais con instalacións de eliminación de residuos oficialmente autorizadas que garantan a ausencia de todo risco de propagación do virus causante da rizomanía da remolacha (BNYVV)

DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Os Azo- res), S, UK (Irlanda do Norte).»

18. O texto do punto 22 da parte B do anexo IV substituirase polo seguinte:

«22. Vexetais de *Allium porrum* L., *Apium* L., *Beta* L., agás os mencionados no punto 25 da parte B do anexo IV e os destinados á alimentación do gando, *Brassica napus* L., *Brassica rapa* L., *Daucus* L., agás os vexetais destinados á plantación

a) O envío ou lote non conterà máis dun 1 por 100 en peso de terra, ou

b) os vexetais destínanse á súa transformación en locais con instalacións de eliminación de residuos oficialmente autorizadas que garantan a ausencia de todo risco de propagación do virus causante da rizomanía da remolacha (BNYVV)

DK, F (Bretaña), IRL, P (Os Azo- res), FI, S, UK (Irlanda do Norte).»

19. O texto do punto 24 da parte B do anexo IV substituirase polo seguinte:

«24.1 Gallos desraizados de *Euphorbia pulcherrima* Willd., destinados á plantación

Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais recollidos no punto 45.1 da sección I da parte A do anexo IV, cando proceda, declaración oficial de que:

IRL, P (Alentejo, Os Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Minho, Madeira, Ribatejo e Oeste e Trás-os-Montes), FI, S, UK

a) os gallos desraizados son orixinarios dunha zona que se sabe está exenta de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), ou

b) non se observaron signos de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) nos gallos nin nos vexetais dos que estes se derivan e que se manteñen ou foron producidos no lugar de produción, con ocasión de inspeccións oficiais levadas a cabo neste lugar de produción polo menos cada tres semanas durante todo o período de produción deses vexetais, ou

c) nos casos nos que se detectara a presenza de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, os gallos e os vexetais dos que estes se derivan e que se manteñen ou foron producidos neste lugar de produción foron sometidos a un tratamento adecuado para garanti-la inexistencia de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, ese lugar de produción foi declarado exento de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo semanalmente durante as tres semanas anteriores ó seu traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o citado período. A última das citadas inspeccións semanais deberá levarse a cabo inmediatamente antes do dito traslado

24.2 Vexetais de *Euphorbia pulcherrima* Willd., destinadas á plantación, agás:

as sementes

os exemplares dos que o seu envase, desenvolvemento floral ou bracteal ou outros elementos demostren que se destinan á venda a consumidores finais non dedicados á produción profesional de vexetais

os especificados no punto 24.1

Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais recollidos no punto 45.1 cando proceda, declaración oficial de que:

IRL, P (Alentejo, Os Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Minho, Madeira, Ribatejo e Oeste e Trás-os-Montes), FI, S, UK

a) os vexetais son orixinarios dunha zona que se sabe está exenta de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), ou

b) non se observaron signos de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) nos vexetais no lugar de produción con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo polo menos unha vez cada tres semanas durante as nove semanas anteriores á comercialización, ou

c

c) nos casos nos que se detectara a presenza de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, os vexetais mantidos ou producidos nese lugar de produción foron sometidos a un tratamento axeitado para garantir a inexistencia de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, este lugar de produción foi declarado exento de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo semanalmente durante as tres semanas anteriores ó traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o citado período; a última das citadas inspeccións semanais deberá levarse a cabo inmediatamente antes do devandito traslado, e

d) existen probas de que os vexetais foron producidos a partir de gallos que:

da) son orixinarios dunha zona que se sabe está exenta de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), ou

db) foron cultivados nun lugar de produción onde non se observaron signos de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo polo menos unha vez cada tres semanas durante todo o período de produción deses vexetais, ou

dc) nos casos nos que se detectara a presenza de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, foron cultivados en vexetais mantidos ou producidos nese lugar de produción que fosen sometidas a un tratamento axeitado para garantir a inexistencia de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, ese lugar de produción foi declarado exento de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo semanalmente durante as tres semanas anteriores ó traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o citado período. A última das citadas inspeccións semanais deberá levarse a cabo inmediatamente antes do devandito traslado.

24.3 Vexetais de Begonia L., destinados á plantación, agás as sementes, os tubérculos e os cormos, e vexetais de Ficus L. e Hibiscus L., destinados á plantación, agás as sementes e aqueles exemplares dos que o seu envase, desenvolvemento floral ou outros elementos demostran que se destinan á venda a consumidores finais non dedicados á produción profesional de vexetais

Sen prexuízo das disposicións aplicables ós vexetais recollidos no punto 45.1 da sección I da parte A do anexo IV, cando proceda, declaración oficial de que:

a) os vexetais son orixinarios dunha zona que se sabe está exenta de Bemisia tabaci Genn. (poboacións europeas), ou

b) non se observaron signos de Bemisia tabaci Genn. (poboacións europeas) nos vexetais no lugar de produción con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo polo menos unha vez cada tres semanas durante as nove semanas anteriores á súa comercialización, ou

c) nos casos nos que se detectara a presenza de Bemisia tabaci Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, os vexetais mantidos ou producidos nese lugar de produción foron sometidos a un tratamento adecuado para garanti-la inexistencia de Bemisia tabaci Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, ese lugar de produción foi declarado exento de Bemisia tabaci Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación de Bemisia tabaci Genn. (poboacións europeas), tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo durante as tres semanas anteriores ó traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o devandito período. A última das citadas inspeccións semanais deberá levarse a cabo inmediatamente antes do devandito traslado.

IRL, P (Alentejo, Os Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Minho, Madeira, Ribatejo e Oeste e Trás-os-Montes), FI, S, UK.»

20. Na parte B do anexo IV, suprimírase o punto 25.1.

21. Na parte B do anexo IV, o texto do punto 25.2 substituírase polo seguinte:

«25. Vexetais de Beta vulgaris L., destinados á transformación industrial

Declaración oficial de que:

a) os vexetais se transportan dunha forma que exclúa todo risco de propagación do virus causante da rizomanía da remolacha (BNYVV), e se destinan a ser entregados a un centro de transformación con instalacións de eliminación de residuos oficialmente autorizadas que garantan a ausencia de todo risco de propagación dese virus, ou

b) os vexetais foron cultivados nunha zona exenta dese virus.

DK, F (Bretaña), IRL, P (Os Azores), FI, S, UK (Irlanda do Norte).»

c

22. Na parte B do anexo IV, o texto do punto 26 substituirase polo seguinte:

«26. Terra e residuos sen esterilizar de remolacha (<i>Beta vulgaris</i> L.)	Declaración oficial de que a terra ou os residuos:	DK, F (Bretaña), IRL, P (Os Azo- res), FI, S, UK (Irlanda do Norte).»
	a) foron sometidos a un tratamento destinado a elimina-la contaminación polo virus causante da rizomanía da remolacha (BNYVV), ou	
	b) se destinan a ser transportados para a súa eliminación conforme métodos oficialmente autorizados, ou	
	c) procede de vexetais de <i>Beta vulgaris</i> cultivados nunha zona que se sabe está exenta do virus causante da rizomanía da remolacha (BNYVV).	

23. O texto da columna central do punto 30 da parte B do anexo IV substituirase polo seguinte:

«a) Cando se leve ós lugares de produción e cultivo de remolachas, a maquinaria deberá ser limpada e estar exenta de terra e residuos vexetais, ou
b) a maquinaria deberá proceder dunha zona que se saiba está exenta do virus causante da rizomanía da remolacha (BNYVV).»

24. No punto 2.1 da sección I da parte A do anexo V engadirase o texto seguinte:

«e outros vexetais de especies herbáceas, agás os da familia Gramineae, destinados á plantación e os bulbos, os cormos, os rizomas, as sementes e os tubérculos.»

25. O texto do punto 1.6 da sección II da parte A do anexo V substituirase polo seguinte:

«1.6 Vexetais de *Beta vulgaris* L., destinados á transformación industrial.»

26. O texto do punto 1.7 da sección II da parte A do anexo V substituirase polo seguinte:

«1.7 Terra e residuos sen esterilizar de remolachas (*Beta vulgaris* L.).»

27. O texto do punto 2.1 da sección II da parte A do anexo V substituirase polo seguinte:

«2.1 Vexetais de *Begonia* L., destinados á plantación, agás os cormos, as sementes, os tubérculos e os vexetais de *Euphorbia pulcherrima* Willd., *Ficus* L. e *Hibiscus* L., destinados á plantación, agás as sementes.»

28. O texto do punto 2 da sección I da parte B do anexo V substituirase polo seguinte:

«*Castanea* Mill., *Dendranthema* (DC) Des. Moul., *Dianthus* L., *Gypsophila* L., *Pelargonium* l'Herit. ex Ait, *Phoenix* spp., *Populus* L., *Quercus* L., *Solidago* L. e flores cortadas de *Orchidaceae*,
Coníferas (coniferais),
Acer saccharum Marsh, orixinario de países norteamericanos,
Prunus L., orixinario de países non europeos,
Flores cortadas de *Aster* spp., *Eryngium* L., *Hypericum* L., *Lisianthus* L., *Rosa* L. e *Trachelium* L., orixinarias de países non europeos,
Hortalizas de folia de *Apium graveolens* L. e *Ocimum* L.»

29. No primeiro guión do punto 3 da sección I da parte B do anexo V engadirase o texto seguinte:

«*Momordica* L. e *Solanum melongena* L.»

30. O texto da letra b) do punto 7 da sección I da parte B do anexo V substituirase polo seguinte:

«A terra e o medio de cultivo, unido ou adxunto ós vexetais, composto total ou parcialmente do material especificado na letra a) ou composto parcialmente de calquera substancia inorgánica sólida destinada a mante-la vitalidade dos vexetais, orixinarios de:

Chipre, Malta, Turquía,
Belorrusia, Estonia, Xeorxia, Letonia, Lituania, Moldavia, Rusia, Ucraína,
países non europeos agás Alxeria, Exipto, Israel, Libia, Marrocos e Tunicia.»

31. O texto do punto 1 da sección II da parte B do anexo V substituirase polo seguinte:

«1. Vexetais de *Beta vulgaris* L., destinados á transformación industrial.»

32. O texto do punto 2 da sección II da parte B do anexo V substituirase polo seguinte:

«2. Terra e residuos sen esterilizar de remolachas (*Beta vulgaris* L.).»